

Material para a realización de exercicios de Lingua e Literatura Galega relacionados cos enlaces.

REPASO ACUMULATIVO, EXERCICIO 3 PÁXINA 129

Recorda que hai dous tipos de enlaces: **preposicións e conxuncións**.

Preposicións máis comúns : a, agás, ante, ata, baixo, cabo, canda, con, contra, de, deica, dende, desde, durante, en, entre, excepto, mediante, onda, para, perante, por, salvo, segundo, sen, so, sobre, tras, xunta.

Conxunción: a conxunción é unha clase de palabra que serve para enlazar dúas palabras ou dúas oracións entre si. As máis frecuentes son: **e, ou, mais, nin, pero, que, porque...**

- **Conxuncións copulativas**, expresan suma ou acumulación: e, mais, e mais, nin, a mais.
- **Conxuncións disxuntivas**, expresan a idea de opción: ou, ou ben...
- **Conxuncións adversativas**, expresan a idea de oposición ou contraste: pero, mais, non obstante, con todo, así a todo, ora ben, só que, sacado que, senón, agás que, porén, fóra de que, bardantes que...

As preposicións **a, con, de, en** e **por** contraen cos artigos e con outros determinantes.

Contraccións de preposicións e artigos

Prep.	Artigos							
	o	a	os	as	un	unha	uns	unhas
de	do	da	dos	das	dun	dunha	duns	dunhas
en	no	na	nos	nas	nun	nunha	nuns	nunhas
con	co	coa	cos	coas	cun	cunha	cuns	cunhas
a	ao/ó	á	aos/ós	ás				
por	polo	pola	polos	polas				

Contraccións de preposicións e demostrativos

Prep.	Demostrativos					
	Este Esta	Estes Estas	Ese Esa	Eses Esas	Aquel Aquela	Aqueles aquelas
de	deste desta	destes destas	dese desa	deses desas	daquel daquela	daqueles daquelas
en	neste nesta	nestes nestas	nese nesa	neses nesas	naquel naquela	naqueles naquelas

Contracción cos indefinidos

Prep.	Indefinidos			
	Algún algunha	Algúns algunhas	Outro outra	Outros Outras
de	dalgún dalgunha	dalgúns dalgunhas	doutro doutra	doutros doutras
en	nalgún nalgunha	nalgúns nalgunhas	noutro noutra	noutros noutras